



## **PROCESO ADMISIÓN ALUMNADO PARA O CURSO 2017-18**

O vindeiro 1 de marzo ábrese o prazo para solicitar praza nos centros sostidos con fondos públicos, regulado pola Orde do 12 de marzo de 2013, a Orde de 25 de xaneiro de 2017 e polo Decreto 254/2012. Aqueles que estean interesados deberán presentar no centro:

- **Anexo II** da Orde do 25 de xaneiro de 2017, que se facilitará no centro. Tamén se pode descargar da páxina web da consellería. A solicitude terá que estar asinada por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais do alumno/a. No caso de separación ou divorcio será necesaria a sinatura de ambos proxenitores, agás que a patria potestade estea atribuída, con carácter exclusivo, a un deles.
- **Fotocopia do libro de familia ou DNI do alumno/a.**
- No caso de que o alumno/a proceda doutro centro será preciso o **certificado de estudios** no que conste o curso no que estivo matriculado no ano académico 2016-17.

Ademais, segundo a Orde de 25 de xaneiro de 2017, este ano por primeira vez poderase solicitar admisión no centro educativo por vía telemática, dando cumprimento a nova lei 39/2015 de procedemento administrativo común.

**O prazo de entrega das solicitudes será do 1 ao 20 de marzo.**

Tal e como recolle a normativa actual, recordámossos que:

1. Cada alumno/a só pode presentar **unha única solicitude** no centro onde solicita praza en primeiro lugar. De non ser así perderá os dereitos de prioridade que lle corresponden.
2. O alumnado que quere permanecer no mesmo centro ten garantida a praza nese centro. De querer cambiar de centro deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación das solicitudes de admisión.
3. O alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro centro distinto, deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.
4. A zona de escolarización abrangue todo o Concello de Fene.
5. Para os alumnos/as que pasan a 1º da ESO recordarvos que estamos adscritos ao IES de Fene.
6. Os Servizos Complementarios do centro son:
  - **Comedor**, xestionado pola consellería.
  - **Transporte gratuito** dende Maniños, todo Barallobre, Magalofes e Perlío.



- **Ampla oferta de Actividades Extraescolares:** patinaxe, obradoiro de cociña, multideporte, robótica, fútbol sala e proxecto Voz Natura, entre outras.
- **Servizo de Madrugadores,** no caso en que haxa a demanda pertinente.

## VACANTES

CURSO	Nº PRAZAS
4º Educación Infantil	25
5º Educación Infantil	11
6º Educación Infantil	11
1º Educación Primaria	12
2º Educación Primaria	10
3º Educación Primaria	16
4º Educación Primaria	12
5º Educación Primaria	16
6º Educación Primaria	13

En 4º de EI e 1º de EP, resérvanse 3 prazas para alumnado con NEAE.

**A formalización da matrícula realizarase do 20 ao 30 de xuño.**

Para **formalizar a matrícula** deberedes presentar:

- **Anexo III** da Orde do 12 de marzo de 2013 que se facilitará no centro(tamén se pode descargar da web da consellería).
- 3 fotos tamaño carné.
- Certificado médico de non padecer ningunha enfermidade infecto-contaxiosa e de ter administradas todas as vacinas que lle corresponden por idade.
- Fotocopia da cartilla da Seguridade Social.
- Copia da folla do libro de familia onde apareza o neno/a.
- Padrón municipal no que figuren tódolos membros da unidade familiar que convivan nel.

Toda a información relativa ao proceso de admisión poderedes consultala na páxina web do centro:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiporamo/>

Benigno Sánchez Vales

Director do CEIP Plurilingüe O Ramo